



BIBLIOTECA PÚBLICA
DE PONTEVEDRA
ANTONIO ODRIOSOLA

Programa de vistas escolares á biblioteca pública de Pontevedra. Curso 2025-2026



DESCUBRAMOS A BIBLIOTECA!

EXPLORAMOS O MUNDO DA LECTURA

De novembro de 2025 a maio de 2026

INTRODUCCIÓN

Estimado Equipo Directivo e profesorado do centro escolar,

Dende a Biblioteca Pública Antonio Odriozola, queremos invitarvos a participar no noso programa de Visitas Escolares para o curso 2025/2026, deseñado especificamente para estimular o interese pola lectura, o coñecemento e o uso responsable da biblioteca no alumnado de Educación Infantil e de Educación Primaria. Queremos presentar a biblioteca como un espazo vital para o desenvolvemento educativo e social. Por iso, preparamos actividades dinámicas e adaptadas a cada etapa, centradas no xogo, a imaxinación e o descubrimento. A continuación, presentamos o noso programa esperando que sexa do voso interese.




Relación de visitas escolares

Alumnado de Educación Infantil

- Actividade: **Coñecemos a casa dos contos.**
- Duración: **1 hora.**
- Obxectivo: **Dar a coñecer o funcionamento da Biblioteca Pública e as súas instalacións.**
- Desenvolvemento: **Percorrido pola sala, explicación do seu funcionamento e actividade didáctica complementaria.**

Alumnado de Educación Primaria

- Actividade: **Bibliotrivial**
- Duración: **1 hora**
- Obxectivo: **Dar a coñecer o funcionamento da Biblioteca Pública e as súas instalacións.**
- Desenvolvemento: **Percorrido pola sala, explicación do seu funcionamento e actividade didáctica complementaria.**





COÑECEMOS A CASA DOS CONTOS

ACTIVIDADE DIRIXIDA AO ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL



INTRODUCCIÓN

Con esta actividade propónse dar a coñecer a sala infantil da Biblioteca Pública aos alumnos e alumnas de Educación Infantil, que recoñezan os diferentes espazos, saiban moverse por eles en función do que estean a buscar e que observen os diferentes tipos de materiais cos que se poden atopar.

OBXECTIVOS

- Espertar o interese dos/das nenos/as pola lectura.
- Identificar a Biblioteca como lugar de ocio.
- Aprender o procedemento de consulta do catálogo da biblioteca.
- Coñecer a distribución da sala e as seccións nas que se organizan os libros.
- Utilizar os libros e revistas da sala infantil como soporte da actividade.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Ao chegar, faremos a acollida da clase de E. infantil, acompañada dos/as seus mestres/as.

Realizaremos un pequeno percorrido polo espazo explicándolles de forma sinxela a organización da biblioteca, comentándolles a súa importancia e funcionalidade, as súas normas...

Na segunda parte realizaranse algunha destas actividades didácticas na área de infantil utilizando un conto como fío condutor: consulta de libros curiosos, realización dun pequeno contacontos, xogos de gran grupo ou un minibradoiro.



BIBLIOTRIVIAL

ACTIVIDADE DIRIXIDA AO ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA



INTRODUCCIÓN

Con esta actividade propónse dar a coñecer aos/ás alumnos/as de Educación Primaria a sala infantil da Biblioteca Pública e o seu funcionamento, en concreto, o procedemento de busca dos fondos, a distribución das seccións que teñen dispoñibles segundo a súa idade, o sistema de préstamo...Trátase de combinar a divulgación do coñecemento e o gusto pola lectura de forma lúdica e interactiva.

OBXECTIVOS

- Espertar o interese dos/das nenos/as pola lectura.
- Identificar a Biblioteca como lugar de ocio.
- Aprender o procedemento de consulta do catálogo da biblioteca.
- Coñecer a distribución da sala e as seccións nas que se organizan os libros.
- Utilizar os libros e revistas da sala infantil como soporte da actividade.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

A primeira parte da sesión estará dedicada a coñecer a sala (a súa distribución, normas, recursos...) e incluírase unha breve explicación sobre o funcionamento do catálogo informático. A segunda parte estará dedicada a reforzar o sistema de busca dos libros pola sinatura e o coñecemento dos fondos de lecturas da sala infantil, utilizando como recurso motivador un xogo xigante do trivial.

Breve explicación do xogo do trivial:

No xogo, cada tarxeta contén unha pregunta do tema que saia na tirada. As preguntas serán adaptadas ás idades dos nenos e das nenas.



**CADA LIBRO É UNHA PORTA
A UN MUNDO NOVO. ATRÉVETE A
CRUZALA!**